

O ENTROIDO. CICLO FESTIVO.

<http://www.slideboom.com/presentations/136884/Presentaci%C3%83%C2%B3n-ciclo-do-entroido>

O Entroido tradicional é un ciclo festivo, non unha festa celebrada un día concreto, que consta de diferentes celebracións que ocupan varias semanas. Son as seguintes por orde cronolóxica, aínda que non se celebran todas en tódolos lugares.

- **Domingo Fareleiro ou Borrallento.**



Coincide co domingo de septuaxésima. É o terceiro domingo anterior ao Domingo de Entroido. A xente saía á rúa a divertirse tirándolle fariña ou borralla aos demais.

- **Domingo Oleiro.**



É o segundo domingo anterior ao domingo de Entroido. A xente xoga a guindarse olas de barro sen que lles caian e escachen.

- **Xoves de Compadres.**



É o xoves seguinte ao Domingo Fareleiro. As rapazas facían un boneco vestido de home (o compadre) para queimalo e os rapaces intentaban quitarllo, montándose unha fenomenal liorta

festiva, simbólica loita de sexos. entre mozos e mozas.

En algúns lugares invértese a orde dos xoves de compadres e comadres, celebrándose o de comadres en primeiro lugar.

- **Domingo Corredoiro.**



É o primeiro domingo anterior ao Domingo de Entroido. Os rapaces e mozos botan auga, ovos podres, borralla, lama e mesmo formigas á xente. Corríase o

galo, que consistía en que os mozos tiñan que arrincarlle a cabeza ao galo cun pau ou coas mans, ou ceibar un galo e correr atrás del ata pillalo, esta última forma adoitaba ser a celebración infantil. Logo faise unha gran comida co mellor da matanza.

- **Xoves de Comadres.**



É o xoves seguinte ao Domingo Corredoiro. Os rapaces fan un boneco vestido de muller (a comadre) coa idea de queimalo e as rapazas intentan quitarllo. Outra vez monumental liorta festiva

entre mozas e mozos.

En algúns lugares invértese a orde dos xoves de compadres e comadres, celebrándose o de comadres en primeiro lugar.

- **Domingo, Luns e Martes de Entroido.**

Festa rachada! Son os días de disfrazarse e saír á rúa disfrazados para divertirse. Hai desfiles e bailes de disfraces. Estes días non se traballaba.

O martes queimábase o Meco ou Entroido despois de lerlle un testamento cómico. Coa súa queima remata o Entroido.

- **Mércores de Cinza.**

É o primeiro día da Coresma. Acababa a festa e estaba prohibido comer carne. En algúns lugares neste día facíase o enterro da sardiña, que ten un significado semellante á queima do Entroido.

- **Domingo de Piñata.**

É o domingo seguinte ao de Entroido. Ten un carácter netamente urbano e moderno. A piñata é un xogo traído de Italia no século XVIII, e que consiste en romper cun pau, levando os ollos tapados, unha ola que pende dunha corda, chea de confeti, auga, fariña ou incluso cun pombo vivo.

Agora volve a utilizar o calendario para datar cada unha das festas do ciclo festivo do Entroido.

○ Domingo Fareleiro: _____

○ Domingo Oleiro: _____

○ Xoves de Compadres: _____

○ Domingo Corredor: _____

○ Xoves de Comadres: _____

○ Domingo de Entroido: _____

○ Luns de Entroido: _____

○ Martes de Entroido: _____

ENTROIDO RURAL TRADICIONAL E ENTROIDO URBANO.

Ata aquí o calendario do Entroido rural tradicional no que predomina o espontáneo fronte ao organizado, isto último característica do Entroido urbano.

Nas cidades foi perdendo o seu carácter tradicional e foise contaxiando do xeito universal de celebralo, con desfiles de carrozas e comparsas, con grandes premios, concursos, festas e bailes de disfraces en locais sociais, casinos e discotecas. Pese a todo, aínda tendo un carácter máis urbano, sigue persistindo o Entroido da rúa, tradicional, o de toda a vida, o das “peñas”, dos grupos de amigos que forman comparsas e vívese o Entroido dunha maneira activa, na que a crítica, a permisividade e a transgresión aínda seguen vixentes.